



O Software Libre nos concellos de Galicia

Edición 2021



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Contidos

Ficha técnica

Análise de datos

Conclusións principais

páx. 3


páx. 5

páx. 24





Ficha Técnica



1. Ficha Técnica

Universo: Todos os concellos galegos (313 concellos)

Tamaño da mostra: 265 enquisas.

Período de referencia da enquisa: Último trimestre do ano 2021

Tipo de mostra: Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.

Erro da mostra: no suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do $\pm 3,74\%$.

Tipo de entrevista: Cuestionario electrónico (Internet).

Periodicidade da enquisa: Cada dous anos.




Análise de datos

Software libre / software privativo nalgún equipo informático

Evolución do indicador

Concellos con Software Libre / Software privativo nalgún equipo informático
(% sobre o total de concellos)




Evolución do
Software Libre:
Período 2013-2021:
+9,3%.

Fonte: OSIMGA

No ano 2021, o **86,9%** dos concellos galegos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou en servidores. Con respecto á última edición deste estudo a presenza do software libre incrementouse nun 1,8%.

O software privativo está presente no 89,3% dos concellos galegos.

Software libre / software privativo nos ordenadores de usuario




Fonte: OSIMGA

O número de concellos que dispoñen só de software libre nos ordenadores **incrementouse durante o ano 2021** pasando do 8,1% en 2019 a 11,8% en 2021 o que **supón un crecemento do 45,7%**.

Segue a reducirse a porcentaxe de concellos que posúen tanto software libre como privativo, fenómeno que se pode relacionar co incremento de concellos que só posúen software libre.

Software libre / software privativo nos servidores




Fonte: OSIMGA

No ano 2021 creceu o número de concellos que posúen só software privativo nos servidores. O crecemento bianual deste indicador é do 11,7%, acadando un **41,2%**.

A mesma tendencia de crecemento obsérvase nos concellos que dispoñen de software libre nos seus servidores experimentando unha subida de **2,2%** con respecto ao ano 2021. Nesta edición **un 13,8% dos concellos contan con software libre nos seus servidores.**

Barreiras no uso do Software Libre




Fonte: OSIMGA

As principais barreiras no uso do software libre nos concellos son o descoñecemento do software libre ou a falta de información (71,7%), falta de persoal ou de cualificación (45,4%), os sistemas ou software actuais presentan limitacións ou incompatibilidades postas polo proveedor para o uso de software libre (34%) e complexidade ou risco de cambio (34%).

Non obstante, obsérvase con carácter xeral un descenso significativo nas barreiras no uso de software libre.

Sistemas operativos e aplicacións informáticas libres en ordenadores de usuario e servidores

Concellos con sistemas operativos libres / aplicacións libres en ordenadores ou servidores
(% concellos con software libre en ordenadores / servidores)




Fonte: OSIMGA

Máis da metade dos concellos con software libre dispoñen de aplicacións libres nos ordenadores ou servidores. Con respecto aos sistemas operativos libres estes están máis presentes nos servidores dos concellos (39,8%) que nos ordenadores (21,6%).

Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral

Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral
(% concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente)



Fonte: OSIMGA

Entre os concellos galegos a tendencia máis común no tipo de software nas aplicacións de Ofimática e o Navegador de Internet é a dispoñibilidade simultánea de software libre e software privativo, rexistrando porcentaxes do 50,4% e o 41,7%, respectivamente.


Pola contra, o 69,4% só emprega software privativo nos Antivirus e software de seguridade mentres que nas aplicacións de ofimática e navegación de Internet, a implantación de software libre supera ao software privativo.

Valoración global do uso dos distintos tipos de software

O software libre obtén unha valoración lixeiramente inferior ao privativo por parte dos concellos galegos, cunha puntuación media do 6,99.


Valoración global do uso dos distintos tipos de software

Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)
(Concellos con software libre)



Fonte: OSIMGA

Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos




Fonte: OSIMGA

En xeral, os concellos prevén que o uso do software libre vaise a manter no mesmo nivel nos próximos dous anos, tanto en servidores (40,4%) coma en ordenadores de usuario (42,4%). Nestes últimos obsérvase unha mellor perspectiva de uso nos próximos anos, xa que o 28,2% consideran que o uso do software libre aumentará nos ordenadores de usuario.

Formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano

Formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano
(% sobre o total de concellos)




Fonte: OSIMGA

O 44,1% dos concellos facilitou formación ao seu persoal usuario no último ano. No caso da formación que os concellos facilitan aos técnicos ou encargados de actividades esa porcentaxe descende ata o 31,4%.

Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano


Arredor da metade dos concellos opta por proporcionar formación tanto en software libre como en software privativo, tanto para o persoal técnico informático (50,1%) como para o persoal usuario (46,9%), polo que é a opción máis común.

Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano
(% concellos con persoal que recibiu formación)



Fonte: OSIMGA

Temática da formación informática en Software Libre recibida polo persoal da entidade local no último ano




Fonte: OSIMGA

Tanto no caso dos técnicos ou encargados das actividades coma do persoal usuario dos programas, a formación en Software Libre máis común é a ofimática.

Nivel de coñecementos de software libre dos encargados informáticos e persoal usuario

Nivel de coñecementos de software libre dos encargados informáticos e persoal usuario
(puntuación media sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

A autovaloración do nivel de coñecemento de software libre é maior entre os técnicos encargados das actividades informáticas (7) que entre o persoal usuario dos programas informáticos (4,7).

Tendo en conta a evolución respecto a 2019, o coñecemento entre os técnicos subiu 0,5 puntos medios, mentres que entre o persoal usuario esa subida foi do 0,1 puntos porcentuais.


Accións comerciais recibidas no último ano

As accións comerciais (visitas presenciais, información a través de teléfono, correo, etc.), tanto de provedores novos como antigos das entidades, aumenta a súa presenza nos concellos galegos nesta última consulta.

Son máis frecuentes as accións comerciais que se realizan no software privativo, onde a presenza comercial increméntase en 1,7 puntos porcentuais.


A escasa presenza comercial no software libre (só un 14,5%) relaciónase directamente cunha das principais barreiras de uso que sinalan os concellos, "Descoñecen o SL ou fáltales información" que sinalaban o 71,7% dos concellos galegos.

Accións comerciais recibidas no último ano
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA


Accións para promover o software libre nas entidades



Fonte: OSIMGA

A formación aos usuarios é a principal acción demandada polos concellos para a promoción do software libre, así o destacan o 81,2%. A este tipo de acción séguelles tanto o asesoramento ao caso concreto e as demostracións de funcionamento dos produtos, nun 60,1% e 62,1% respectivamente.


Modalidade do xestor de contidos das entidades



O 59,9% dos concellos de Galicia que contan con xestor de contidos de portais e páxinas web optaron no ano 2021 pola modalidade de Software libre superando aos que empregan software privativo (39,1%).

Dende 2019 o número de concellos que contan con xestor de contidos de portais e páxinas web de Software libre incrementouse nun 26,6%.


Modalidade dos documentos descargables da páxina web



Entre os concellos que contan na súa páxina web con documentos descargables, o 49,9% opta exclusivamente polos estándares abertos, mentres que o 42,7% opta pola combinación de estándares abertos e pechados, cada vez máis numerosa. Esta última modalidade está en alza incrementándose en 9,7 puntos porcentuais respecto ao ano 2019.

Aplicacións Informáticas, programas e plataformas informáticas empregadas polos Concellos

Tipoloxía de Software nas aplicacións Informáticas que teñen/usan os concellos
(% concellos que contan con cada unha das aplicacións informáticas sinaladas)




Fonte: OSIMGA

As aplicacións de sistemas de información xeográfica (52,3%), contratación (37,5%) e obras (34,7%) son as que máis usan a modalidade de Software Libre, destacando o SIX que supera ao software privativo (32,1%).

Aplicacións Informáticas, programas e plataformas informáticas empregadas polos Concellos

Aplicacións de Software libre ou Privativo que teñen/usan os concellos
(% concellos que contan con cada unha das aplicacións informáticas sinaladas)



Fonte: OSIMGA

A aplicación de Software Libre máis utilizada nos Concellos é con diferenza TEdDec /AL-SIGM (23,1%), mentres que Gestiona é a aplicación máis utilizada entre as aplicacións de Software Privativo, presente en máis da metade dos concellos galegos.



Conclusións Principais

Conclusións Principais

O **86,9%** dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, **aumentando 9,3 puntos** porcentuais dende o ano 2013 .

O software libre ten **maior implantación nas aplicacións libres** que nos sistemas operativos. O 58,7% dos concellos galegos ten aplicacións libres nos servidores e 54,7% nos ordenadores.

A **combinación de software libre e software privativo é a opción máis común** en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza (69,4%).

No caso dos Navegadores de Internet e a ofimática, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

O **descoñecemento do SL ou a falta de información** (71,7%) é o argumento principal polo que os concellos non optan polas solucións de Software Libre nas súas entidades.

A maioría dos concellos opina que o Software Libre **manterá o uso** que posúe na actualidade, alo menos durante os próximos dous anos.

A **principal acción** que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a **formación** aos usuarios nesta materia (81,2% dos concellos).

O **49,9%** dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por **estándares abertos**, e o 42,7% dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares.

As aplicacións de software libre máis utilizadas son as de sistemas de información xeográfica (52,3%), contratación (37,5%) e Obras (34,7%), destacando que o SIX supera ao software privativo (32,1%). A aplicación de Software Libre máis utilizada nos Concellos é con diferenza TEDec /AL-SIGM (23,1%).

O 86,9 % dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático (ordenadores / servidores)



No caso dos Navegadores de Internet e a ofimática, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

A formación aos usuarios é a principal acción demandada dende os concellos para a promoción do software libre, así o destacan o 81,2% dos concellos.





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA